

**DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E
LITERATURA**

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

CURSO 2019– 2020

IES DE CURTIS

ÍNDICE

1. Introducción e contextualización

2. Competencias clave

3. Bloques de contidos

4. Programación Ensinanza Secundaria Obrigatoria

4.1 Consideracións xerais

- [Obxectivos xerais da etapa](#)
- [Medidas de atención á diversidade](#)
- Avaliación inicial
- [Procedemento de recuperación de pendentes](#)
- Contidos esixibles
- Actividades de avaliación

4.2 Programación especificada por cursos: [1º ESO](#), [2º ESO](#), [3º ESO](#), [4º ESO](#)

- Contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe
- Materiais e recursos didácticos
- Metodoloxía
- Temporización
- Procedementos e instrumentos de avaliación (e recuperación)
- Graos mínimos de consecución dos estándares de aprendizaxe
- Convocatoria extraordinaria

5. Programación Bacharelato

5.1 Consideracións xerais

- [Obxectivos xerais da etapa](#)
- [Procedemento de recuperación de pendentes](#)

5.2 Programación especificada por cursos: [1º BAC](#), [2º BAC](#)

- Contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe

- Materiais e recursos didácticos
- Metodoloxía
- Temporización
- Procedementos e instrumentos de avaliación (e recuperación)
- Graos mínimos de consecución para superar a materia
- Convocatoria extraordinaria

6. Tratamento do fomento da lectura

7. Temas transversais

8. Tratamento do fomento das TIC

9. Actividades complementarias e extraescolares

10. Avaliación da programación

11. Sinaturas

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

O IES de Curtis é un centro educativo público ao que asisten un total de 244 alumnos que reciben clases de ESO, FP Básica, BAC e Ciclos Formativos. O departamento de Lingua Galega e Literatura está integrado actualmente por tres profesoras que imparten os seguintes niveis:

Begoña Centoira Bello: 3º ESO e 1º BACH

Teresa Meixide Portos: 2º ESO e 2º BACH

Sonia Torreiro Rodríguez : 1º ESO e 4º ESO

A situación lingüística do alumnado pódese resumir dicindo que o perfil lingüístico maioritario do alumnado é monolingüe en galego ou bilingüe con predominio do galego, ben que se manifestan -cada vez con maior frecuencia- comportamentos diglósicos relacionados co suposto valor utilitario do castelán, presentes maiormente neste segundo grupo. Chama a atención que un número significativo de alumnado que se escolariza no noso centro utilizando como lingua vehicular o galego, remata o ensino utilizando con maior frecuencia o castelán. Tamén se constata nos últimos anos un aumento no alumnado castelanfalante, sobre todo nos residentes nos núcleos de Curtis e Teixeira.

O alumnado domina o código lingüístico, pero, tal e como demostra a experiencia de cursos pasados, o problema básico son as carencias dunha competencia comunicativa plena: problemas coa ortografía, ausencia de riqueza e variedade léxica, uso só do nivel coloquial (sobre todo na oralidade), insuficiente dominio do estándar, dificultades para elaborar distintos tipos de textos...

Esta programación da materia de Lingua Galega e Literatura está elaborada atendendo ao seguinte regulamento:

- DECRETO 86/2015, do 25 de xuño de 2015, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. COMPETENCIAS CLAVE

Reproducimos a continuación un resumen do exposto na LOMCE sobre as competencias clave en torno ás cales ten que xirar o proceso de ensino-aprendizaxe.

As competencias son as capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

Dado que a aprendizaxe baseada en competencias se caracteriza pola súa transversalidade, o seu dinamismo e o seu carácter integral, o proceso de ensino e aprendizaxe competencial debe tratarse dende todas as áreas de coñecemento e por parte das diversas instancias que conforman a comunidade educativa, tanto nos ámbitos formais como nos non formais e informais. O seu dinamismo reflíctese en que as competencias non se adquiren nun determinado momento e permanecen inalterables, senón que implican un proceso de desenvolvemento mediante o cal os individuos van adquirindo maiores niveis de desempeño no seu uso.

Ademais, esta aprendizaxe implica unha formación integral das persoas que, ao rematar a etapa académica, serán capaces de transferir os coñecementos adquiridos ás novas instancias que aparezan na opción de vida que elixan. Así, poderán reorganizar o seu pensamento e adquirir novos coñecementos, mellorar as súas actuacións e descubrir novas formas de acción e novas habilidades que lles permitan executar eficientemente as tarefas, favorecendo unha aprendizaxe ao longo de toda a vida.

1. Comunicación lingüística (CCL)

Esta competencia refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, as emocións e a conduta.

Para o adecuado desenvolvemento desta competencia é preciso abordar a análise e a consideración dos distintos aspectos que interveñen nela, debido á súa complexidade. Para iso, débese atender as cinco compoñentes que a constitúen e as dimensións en que se concretan:

- A compoñente lingüística abrangue diversas dimensións: a léxica, a gramatical, a semántica, a fonolóxica, a ortográfica e a ortoépica, entendida esta como a articulación correcta do son a partir da representación gráfica da lingua.
- A compoñente pragmático-discursiva contempla tres dimensións: a sociolingüística (vinculada

coa adecuada produción e recepción de mensaxes en diferentes contextos sociais); a pragmática (que inclúe as microfuncións comunicativas e os esquemas de interacción); e a discursiva (que inclúe as macrofuncións textuais e as cuestións relacionadas cos xéneros discursivos).

– A compoñente sociocultural inclúe dúas dimensións: a que se refire ao coñecemento do mundo e a dimensión intercultural.

– A compoñente estratéxica permítelle ao individuo superar as dificultades e resolver os problemas que xorden no acto comunicativo. Inclúe tanto destrezas e estratexias comunicativas para a lectura, a escritura, a fala, a escoita e a conversa, como destrezas vinculadas co tratamento da información, a lectura multimodal e a produción de textos electrónicos en diferentes formatos; ademais, tamén forman parte desta compoñente as estratexias xerais de carácter cognitivo, metacognitivo e socioafectivas que o individuo utiliza para comunicarse eficazmente, aspectos fundamentais na aprendizaxe das linguas estranxeiras.

– Por último, a competencia en comunicación lingüística inclúe unha compoñente persoal que intervén na interacción comunicativa en tres dimensións: a actitude, a motivación e os trazos de personalidade.

2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)

A competencia matemática implica a aplicación do razoamento matemático e as súas ferramentas para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos no seu contexto.

Esta competencia require coñecementos sobre os números, as medidas e as estruturas, as operacións e as representacións matemáticas, e a comprensión dos termos e conceptos matemáticos.

O uso de ferramentas matemáticas implica unha serie de destrezas que requiren a aplicación dos principios e procesos matemáticos en distintos contextos.

Trátase da importancia das matemáticas no mundo e de utilizar os conceptos, procedementos e ferramentas para aplicalos na resolución dos problemas que poidan xurdir nunha situación determinada ao longo da vida. A competencia matemática inclúe unha serie de actitudes e valores que se basean no rigor, o respecto aos datos e a veracidade.

Xa que logo, para o adecuado desenvolvemento da competencia matemática resulta necesario abordar catro áreas relativas aos números, á álgebra, á xeometría e á estatística, interrelacionadas de formas diversas, a través da cantidade, o espazo e a forma, o cambio e as relacións, e a incerteza e os datos.

As competencias básicas en ciencia e tecnoloxía son aquelas que proporcionan un achegamento ao

mundo físico e á interacción responsable con el para a conservación e mellora do medio natural, a protección e mantemento da calidade de vida e o progreso dos pobos. Estas competencias contribúen ao desenvolvemento do pensamento científico e capacitan a cidadáns e cidadás responsables e respectuosos que desenvolven xuízos críticos sobre os feitos científicos e tecnolóxicos que se suceden ao longo dos tempos, pasados e actuais. Estas competencias han de capacitar para identificar, expor e resolver situacións da vida cotiá, igual que se actúa fronte aos retos e problemas propios das actividades científicas e tecnolóxicas.

Para o adecuado desenvolvemento das competencias en ciencia e tecnoloxía resultan necesarios coñecementos científicos relativos á física, á química, á bioloxía, á xeoloxía, ás matemáticas e á tecnoloxía. Así mesmo, hanse de fomentar as destrezas para utilizar e manipular ferramentas e máquinas tecnolóxicas, e utilizar datos e procesos científicos para alcanzar un obxectivo.

Hanse de incluír actitudes e valores relacionados coa asunción de criterios éticos asociados á ciencia e á tecnoloxía, o interese pola ciencia, o apoio á investigación científica, a valoración do coñecemento científico, e o sentido da responsabilidade en relación á conservación dos recursos naturais, ás cuestións ambientais e á adopción dunha actitude adecuada para lograr unha vida física e mental saudable nun contorno natural e social.

Os ámbitos que se deben abordar para a adquisición das competencias en ciencias e tecnoloxía son os sistemas físicos, os sistemas biolóxicos, os sistemas da Terra e do Espazo, e os sistemas tecnolóxicos.

Por último, a adquisición das competencias en ciencia e tecnoloxía require a formación e práctica na investigación científica e na comunicación da ciencia.

3. Competencia dixital (CD)

Esta competencia consiste en dispor de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, e para transformala en coñecemento. Incorpora diferentes habilidades, que van desde o acceso á información até a súa transmisión en distintos soportes unha vez tratada, incluíndo a utilización das tecnoloxías da información e da comunicación como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse.

Implica ser unha persoa autónoma, eficaz, responsable, crítica e reflexiva ao seleccionar, tratar e utilizar a información e as súas fontes, así como as distintas ferramentas tecnolóxicas; tamén, ter unha actitude crítica e reflexiva na valoración da información dispoñible, contrastándoa cando é necesario, e respectar as normas de conduta socialmente acordadas para regular o uso da información e as súas fontes nos distintos soportes.

Para o adecuado desenvolvemento da competencia dixital resulta necesario abordar a información, a análise e a interpretación desta, a comunicación, a creación de contidos, a seguridade e a resolución de problemas, tanto teóricos coma técnicos.

4. Aprender a aprender (CAA)

Aprender a aprender supón dispor de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuar aprendendo de maneira cada vez máis eficaz e autónoma, de acordo aos propios obxectivos e necesidades.

Aprender a aprender implica a conciencia, xestión e control das propias capacidades e coñecementos desde un sentimento de competencia ou eficacia persoal, e inclúe tanto o pensamento estratéxico como a capacidade de cooperar, de se autoavaliar, e o manexo eficiente dun conxunto de recursos e técnicas de traballo intelectual. Todo iso desenvólvese, a través de experiencias de aprendizaxe conscientes e gratificantes, tanto individuais coma colectivas.

5. Competencias sociais e cívicas (CSC)

Estas competencias implican a habilidade e a capacidade para utilizar os coñecementos e actitudes sobre a sociedade, interpretar fenómenos e problemas sociais en contextos cada vez máis diversificados, elaborar respostas, tomar decisións e resolver conflitos, así como para interactuar con outras persoas e grupos, conforme a normas baseadas no respecto mutuo e en conviccións democráticas.

En concreto, a competencia social relaciónase co benestar persoal e colectivo. Os elementos fundamentais desta competencia inclúen o desenvolvemento de certas destrezas como a capacidade de se comunicar dunha maneira construtiva en distintos contornos sociais e culturais, mostrar tolerancia, expresar e comprender puntos de vista diferentes, negociar sabendo inspirar confianza e sentir empatía.

Así mesmo, esta competencia inclúe actitudes e valores como unha forma de colaboración, a seguridade nun mesmo e a integridade e honestidade.

A competencia cívica baséase no coñecemento crítico dos conceptos de democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e dereitos humanos e civís, así como da súa formulación na Constitución española, no Estatuto de Autonomía de Galicia, na Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea e en declaracións internacionais, e da súa aplicación por parte de diversas institucións a escala local, autonómica, nacional, europea e internacional.

As actitudes e valores inherentes a esta competencia son aqueles que se dirixen ao pleno respecto dos dereitos humanos e á vontade de participar na toma de decisións democráticas a todos os niveis, e implica manifestar o sentido da responsabilidade e mostrar comprensión e respecto dos valores compartidos, que son necesarios para garantir a cohesión da comunidade, baseándose no respecto dos principios democráticos.

Polo tanto, para o adecuado desenvolvemento destas competencias é necesario comprender o mundo no que se vive, en todos os aspectos sociais, culturais e humanos. Pero tamén incorporan formas de comportamento individual que capacitan ás persoas para convivir en sociedade.

6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)

Esta competencia implica a capacidade de transformar as ideas en acto, o que significa adquirir conciencia da situación a intervir ou resolver, e saber elixir, planificar e xestionar os coñecementos, destrezas ou habilidades e actitudes necesarios con criterio propio, co fin de alcanzar o obxectivo previsto.

A adquisición desta competencia é determinante na formación de futuros cidadáns e cidadás emprendedores, contribuindo así á cultura do emprendemento.

Entre os coñecementos que require a competencia inclúese a capacidade de recoñecer as oportunidades existentes para as actividades persoais, profesionais e comerciais.

Para o adecuado desenvolvemento desta competencia, resulta necesario abordar a capacidade creadora e de innovación, a capacidade proactiva para xestionar proxectos, a capacidade de asunción e xestión de riscos e manexo da incerteza, as calidades de liderado e traballo individual e en equipo, e por último, o sentido crítico e da responsabilidade.

7. Conciencia e expresións culturais (CCEC)

Esta competencia implica coñecer, comprender, apreciar e valorar con espírito crítico, cunha actitude aberta e respectuosa, as diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de enriquecemento e goce persoal e consideralas como parte da riqueza e patrimonio dos pobos.

Incorpora tamén unha compoñente expresiva referida á propia capacidade estética e creadora e ao dominio daquelas capacidades relacionadas cos diferentes códigos artísticos e culturais, para poder utilízalas como medio de comunicación e expresión persoal. Implica igualmente manifestar interese pola participación na vida cultural e por contribuír á conservación do patrimonio cultural e artístico,

tanto da propia comunidade coma doutras comunidades.

Polo tanto, require de coñecementos que permitan acceder ás distintas manifestacións sobre a herdanza cultural a escala local, nacional e europea e o seu lugar no mundo. Comprende a concreción da cultura en diferentes autores e obras, xéneros e estilos, tanto das belas artes coma doutras manifestacións artístico-culturais da vida cotiá.

Para o adecuado desenvolvemento da competencia para a conciencia e expresión cultural resulta necesario abordar o coñecemento, estudo e comprensión de distintos estilos e xéneros artísticos e das principais obras e producións culturais e artísticas; a aprendizaxe das técnicas e recursos; o desenvolvemento da capacidade e intención de expresarse e comunicar ideas, experiencias e emocións propias; a potenciación da iniciativa, a creatividade e a imaxinación propias de cada individuo de cara á expresión das propias ideas e sentimentos; o interese, aprecio, respecto, gozo e valoración crítica das obras artísticas e culturais; a promoción da participación na vida e a actividade cultural da sociedade na que se vive; e por último, o desenvolvemento da capacidade de esforzo, constancia e disciplina para a creación de calquera produción artística de calidade.

3. BLOQUES DE CONTIDOS

A LOMCE establece que a materia de Lingua Galega e Literatura se presenta, en todos os cursos das etapas de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato, estruturada en cinco bloques, o que non debe implicar que a actividade docente se corresponda con esta ordenación, senón que, pola contra, se deben producir múltiples conexións entre todos eles.

O bloque 1, «Comunicación oral. escoitar e falar», atende ao uso oral da lingua, e este é obxecto de observación e de análise para recoñecer as normas que rexen o intercambio comunicativo, para observar as estratexias que usan os/as falantes para se comunicar satisfactoriamente, así como as que empregan para comprender ou para producir mensaxes orais. Non obstante, este bloque incide, sobre todo, na necesidade de que o alumnado galego teña modelos de fala adecuados e poida pór en práctica a súa lingua dentro da aula en contextos formais e informais. A realidade sociolingüística de cada centro docente determinará a atención que o profesorado deberá dedicar na aula a este bloque, para que o alumnado poida cumprir adecuadamente cos estándares de aprendizaxe descritos.

O bloque 2, «Comunicación escrita. Ler e escribir», ocúpase da comprensión e a produción escrita. O alumnado debe ser quen de entender textos de diferente complexidade e xénero, e extraer

as ideas explícitas e implícitas no texto co fin de elaborar o seu propio pensamento crítico e creativo. Comprender un texto implica pór en marcha unha serie de estratexias de lectura que deben practicarse na aula e proxectarse a todas as esferas da vida e a calquera tipo de lectura: ler para obter información, para aprender a propia lingua e por pracer. Igualmente, a produción escrita significará procurar para cada situación o tipo de texto, adecuando, planificando e redactando, atendendo a aspectos diversos, e revisando a escrita final.

O bloque 3, «Funcionamento da lingua», integra contidos relacionados co código e a súa organización, e responde á necesidade de reflexión sobre a propia lingua, coa finalidade de servir de base para o seu uso correcto, afastándose da pretensión de utilizar os coñecementos lingüísticos como fin en si mesmo.

O bloque 4, «Lingua e sociedade», céntrase na necesidade de que o alumnado coñeza, explique e valore o plurilingüismo como unha situación habitual e enriquecedora para todos os individuos. Do mesmo xeito, incídese na identificación e superación dos prexuízos e na pertinencia de que o alumnado recoñeza e empregue termos sociolingüísticos precisos.

O bloque 5, «Educación literaria», asume o obxectivo de facer dos alumnos e as alumnas lectores e lectoras competentes, con implicación nun proceso de formación de lectura que continúe ao longo de toda a vida. Ademais, o alumnado achegarase á historia da literatura galega, así como ás súas obras e aos seus autores e as súas autoras máis salientables, e recoñecerá a vinculación destes produtos literarios coa historia de Galicia.

O tratamento de todos estes contidos ten que abordarse desde unha óptica competencial, valorando as relacións que cada un ten coas competencias clave, que aparecen especificadas, a partir dos estándares de aprendizaxe avaliáveis, neste currículo.

A avaliación terá que ser coherente coa diversidade de contidos traballados e, daquela, ter en conta os contidos abordados nos cinco bloques en que se estrutura este currículo. Do mesmo xeito, deberá ser unha avaliación competencial, que teña en conta a relación que se establece no currículo entre os estándares de aprendizaxe detallados en cada bloque, coas competencias clave.

4. PROGRAMACIÓN ENSEÑANZA SECUNDARIA OBRIGATORIA

4.1. CONSIDERACIÓNS XERAIS

OBXECTIVOS DE ETAPA ESO

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir

responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

o) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

p) Coñecer e valorar a importancia do uso do noso idioma como elemento fundamental para o mantemento da nosa identidade, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que nos comunica con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

As medidas de atención á diversidade na educación secundaria obrigatoria están orientadas a responder ás necesidades educativas concretas do alumnado, ao logro dos obxectivos desta etapa educativa e á adquisición das competencias correspondentes, e non poderán, en ningún caso, supoñer unha discriminación que lle impida alcanzar os devanditos obxectivos e competencias, e a titulación correspondente.

No presente curso académico poñeranse en práctica as seguintes medidas:

1. Atención nas aulas ao alumnado que precise de reforzo ou ampliación, na medida en que o número o permita.
2. Realización de desdobres nos niveis de 1º, 3º e 4º ESO
3. Alumnado de 1º ESO. Agardaremos aos datos recollidos na avaliación inicial e á información que o Departamento de Orientación nos proporcione sobre o alumnado que poida presentar dificultades no proceso de aprendizaxe e que non estea incluído nas clases de Reforzo (alumnado non matriculado en Francés). Procederase a estudara a opción máis axeitada para o alumnado en cuestión: reforzo na aula coa profesora de Pedagogía Terapéutica ou outro tipo de medidas. Habitualmente os informes facilitados polos centros de primaria dos que proceden son claramente deficitarios e insuficientes. Resulta moi complicado deseñar e artellar unha serie de medidas destinadas a suplir estas carencias cando non se ten coñecemento delas ata que son detectadas, unha vez iniciado o curso, polo profesorado de Secundaria.
4. Reforzos do alumnado que non cursa Francés. Os apoios para aqueles alumnos e alumnas que presenten dificultades na aprendizaxe das linguas desenvolveranse en 1º e 2º da ESO e serán impartidos pola mesma profesora asignada á materia de Lingua Galega e Literatura a diferenza do acordado e posto en práctica anteriormente. O motivo desta modificación está relacionado coa experiencia dos dous cursos precedentes e coa valoración da operatividade de que sexa a mesma persoa a que imparta a materia de referencia e o reforzo para garantir un mellor aproveitamento da medida.
5. Exencións de Lingua Galega e Literatura. Son dous os alumnos que teñen dereito á exención nesta materia: Nicolás Vera Arencibia (1º ESO) e Carla Isabela Rivera Liñán (2º ESO). O departamento de Lingua Galega e Literatura ofrecerá os apoios e reforzos necesarios co fin de que o alumnado poida, no período marcado pola lei, acadar as competencias esenciais para cursar a materia cando finalice a exención.

AVALIACIÓN INICIAL

No 1º curso de Ensinanza Secundaria Obrigatoria realizarase unha avaliación inicial para detectar posibles dificultades que sexan susceptibles de ser tratadas mediante medidas individuais ou colectivas. As directrices e instrumentos para realizar esta avaliación inicial serán variados e o máis completos posibles: observación directa na aula, recollida de caderno, realización dunha proba

escrita deseñada especificamente...

No resto dos cursos valorarase a conveniencia ou a necesidade de desenvolver esta medida de maneira tan completa. Dependendo do coñecemento que o docente posúa sobre o alumnado e as posibles carencias ou dificultades de aprendizaxe que este poida presentar, poderá optar exclusivamente pola realización dunha proba escrita ou pola obtención da información con outro tipo de actividades.

PROCEDIMENTO DE RECUPERACIÓN DE PENDENTES

Alumnado de 2º ou 3º ESO coa materia pendente

CONTIDOS: esixirase a consecución dos obxectivos mínimos programados polo departamento para este nivel.

A superación da materia pendente estará supeditada á evolución no curso actual. Se o alumnado consegue aprobar as dúas primeiras avaliacións, considerarase a materia pendente como superada. Se o alumnado así o solicita ou o profesorado o considerase recomendable, elaboraranse unha serie de actividades destinadas á superación de carencias básicas. Non terán carácter obrigatorio e funcionarán como reforzo e apoio ao currículo do curso actual co obxectivo de axudar á superación da materia pendente. De non aprobar as dúas primeiras avaliacións do curso actual o alumnado deberá presentarse á proba de pendentes de maio que será realizada e corrixada pola xefa de departamento. Se non consegue superar a proba, deberá presentarse á seguinte convocatoria extraordinaria de setembro.

LIBRO DE TEXTO DE REFERENCIA

1º ESO: VV.AA: *Lingua e literatura 1º ESO*. Editorial Santillana.

2º ESO: VV.AA: *Lingua e literatura galega 2º* Editorial Xerais.

Alumnado de 4º ESO coa materia pendente de 3º

Para superar a materia pendente propónse a realización de dúas probas parciais en xaneiro e abril. Ao igual que para o primeiro ciclo da ESO, esixirase a consecución dos obxectivos mínimos programados polo departamento para este nivel (indicados no apartado correspondente desta programación). De non aprobar os dous exames o alumnado terá que presentarse a un final en maio, coa conseguinte convocatoria do mes de setembro. O profesorado proporcionará se o

considerase necesario ou se o alumnado así o requirise, orientacións e guías para unha boa preparación da materia (exercicios, resumos, comentarios...) Cada unha das probas escritas constará das seguintes partes:

- Comentario de texto.
- Preguntas teóricas dos bloques de Educación Literaria e Lingua e Sociedade programadas para este nivel.
- Aspectos relacionados co bloque de Funcionamento da Lingua traballados no nivel de 3º ESO.

LIBRO DE TEXTO DE REFERENCIA:

Lingua Galega e Literatura 3º ESO. Ed. Santillana

CONTIDOS ESIXIBLES

Os contidos esixibles para os catro niveis que comprende o Ensino Secundario Obrigatorio están indicados e especificados nos Graos mínimos de consecución para superar a materia correspondentes a cada curso.

ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN

Tal e como expuxemos con anterioridade, a avaliación terá que ser coherente coa diversidade de contidos traballados e, daquela, ter en conta os contidos abordados nos cinco bloques en que se estrutura este currículo. Do mesmo xeito, deberá ser unha avaliación competencial, que teña en conta a relación que se establece no currículo entre os estándares de aprendizaxe detallados en cada bloque, coas competencias clave.

As actividades de avaliación na ESO estarán encamiñadas a valorar non só a adquisición de coñecementos, senón tamén a progresión na asimilación destes, a capacidade de razoamento, o desenvolvemento de procedementos de procura da información... Neste sentido o traballo diario na aula e a observación deste será un aspecto determinante para a cualificación, así como a realización de probas escritas e orais que sexan susceptibles de medir a progresión e a evolución do alumnado. As porcentaxes nas que serán valorados estes aspectos serán especificadas no apartado Instrumentos e criterios de avaliación para cada un dos niveis. As medidas de recuperación propostas tamén serán incluídas no mencionado epígrafe.

4.2 PROGRAMACIÓN ESPECIFICADA POR CURSOS

1º ESO

CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Recollemos literalmente do DOGA estes aspectos da nosa programación no seguinte [enlace](#)

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Libro de texto

LINGUA E LITERATURA 1º ESO. SABER FACER.

Obradoiro Santillana, 2015.

Libros de lectura obrigada

Establécese unha obra de lectura obrigada por trimestre.

1ª Avaliación: Leticia Costas, *Escarlatina, a cociñeira defunta*. Ed. Xerais

2ª Avaliación: Roald Dahl, *Boy (Relatos de infancia)*. Ed. Sushi Books

3ª Avaliación: Manuel Núñez Singala, *O achado do castro*. Ed. Xerais

Outros materiais didácticos

- Xornais e revistas galegas.
- Páxinas e blogues da internet.
- Textos literarios de diversos autores.
- Discos compactos con textos musicados de autores

galegos.

- Xogos interactivos de lingua.
- Filmes.
- Vídeos didácticos.
- Dicionarios, gramáticas, correctores ortográficos...
- Textos tirados de manuais didácticos das distintas materias que conforman o currículo do alumnado.
- Guías de lectura e outros materiais elaborados

METODOLOXÍA

Utilizarase unha metodoloxía de traballo baseada no enfoque comunicativo e no construtivismo, o que se concreta en prácticas como as seguintes:

- O estudo da gramática e, en xeral, das formas estruturas e regras, realizarase mediante a reflexión e a indución sobre usos contextualizados e estará ao servizo da comprensión e da produción textual.
- Traballarase fundamentalmente con textos reais dos distintos ámbitos da vida académica, social, laboral...
- Incidirase sobre os procedementos.
- Atenderase ás catro competencias comunicativas sen descoidar a oralidade.
- Procurarase que o alumnado teña un papel activo na elaboración do seu coñecemento, mediante a indagación, a discusión, a elaboración de conclusións...

TEMPORIZACIÓN

A maioría dos contidos da área de Lingua Galega e Literatura non se tratarán nun momento puntual do curso académico, senón que irán abordándose e repetíndose en textos e contextos diversos ao longo do ano. Isto é especialmente claro co bloque “Funcionamento da lingua”, que se utilizará para mellorar a comprensión e produción de textos e, xa que logo, irá despregándose en función das necesidades que cada traballo de composición ou análise requira. O mesmo pode dicirse dalgúns contidos dos outros bloques, como os vencellados aos seguintes aspectos:

- Habilidades de escoita activa.

- Actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes traballadas.
- Valoración das producións orais emitidas cunha fonética galega correcta e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.
- Participación activa en situacións propias do ámbito académico.
- Comprensión e produción de textos do ámbito académico e dos medios de comunicación.
- Detección de tema e subtemas, subliñado de ideas principais, elaboración de esquemas e resumos.
- Coherencia entre comunicación verbal e non verbal.
- Adecuación do rexistro ao tipo de texto traballado.
- Valoración do diálogo como medio de resolución de conflitos, intervencións orais respectuosas e cooperación en situacións de aprendizaxe compartida.
- Interese por producir enunciados correctos. Planificación, revisión e boa presentación dos textos.
- Uso das TIC para elaborar textos.
- Lectura en voz alta.
- Lectura persoal de obras adecuadas á idade
- Creación de textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula.
- Aproveitamento dos recursos da biblioteca.

Outros contidos, en cambio, recibirán unha atención específica e intensiva en determinados momentos do curso, sen prexuízo de que poidan adiantarse ou retomarse noutras ocasións ou mesmo continuar repasándose ao longo de todo o ano. Eis a súa temporización:

1ª Avaliación

- A comunicación: oral e escrita.
- A narración.
- Literatura popular e literatura culta.
- Os xéneros literarios.
- A diversidade cultural e lingüística.

2ª Avaliación

- A descrición.
- O conto popular, a lenda e o mito.

- O xornal: a noticia.
- A lusofonía.

3ª Avaliación

- O diálogo: espontáneo e planificado.
- O folleto turístico.
- Usos e actitudes lingüísticos.
- O teatro. O cómic.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Para a valoración da avaliación serán cualificados os seguintes aspectos do traballo trimestral:

- Por avaliación haberá como mínimo dúas **probas escritas**. Os exames constarán, xeralmente, dun texto e preguntas referidas ao mesmo co fin de avaliar a capacidade lectora e comprensiva do alumnado. Asemade tamén haberá preguntas referidas á produción textual e partes nas que se valorarán os aspectos teóricos e de funcionamento da Lingua traballados na aula. As probas escritas computarán un **70% da nota global**.
- **Proxecto lector:** cada trimestre os alumnos e alumnas deberán ler unha obra de carácter obrigado tal como se especificou anteriormente. Co fin de potenciar o hábito lector, unha das catro sesións semanais das que dispón a materia de Lingua Galega dedicarase á lectura grupal dentro da aula, que se alternarán con períodos de lectura individual e silenciosa. O alumnado poderá, ademais, ler na casa outras lecturas voluntarias das que deberá facer unha presentación aos seus compañeiros e compañeiras de aula ou realizar outros traballos que dean conta do grao de comprensión acadado.
- Este apartado valorarase cun **20%** na cualificación global (A lectura obrigatoria compútase cun 10% e as lecturas voluntarias co outro 10%).
- **Actitude e traballo** desenvolvido na aula ou tarefas requiridas polo profesorado para realizar na casa. Este aspecto cualificarase co **10%**.
- **Traballos de investigación,** neste apartado valorarase fundamentalmente o dominio do uso oral na nosa Lingua. Os traballos

versarán sobre diversos aspectos da realidade cultural galega e **poderán subir** a nota media **1 punto**. Estes traballos non se valorarán negativamente.

- **Corrección lingüística:** nas probas ou traballos escritos acórdase descontar **por cada dez faltas graves 1 punto** sobre a cualificación global. Poderanse descontar até un máximo de 2 puntos.

A avaliación será continua: abarcará os contidos recentes e os das avaliacións anteriores. Aqueles alumnos que non superen algunha avaliación poderán facer un exame final; de non aprobalo terán que ir á proba extraordinaria de setembro. O alumnado que teña todas as avaliacións suspensas deberá ir directamente á proba extraordinaria de setembro, xa que coa cualificación de xuño son avaliados non só os contidos mínimos, senón tamén o traballo, a actitude e a progresión ó longo do curso.

GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Comunicación escrita e oral. Ler, escribir e falar. (40%)

Comprensión de textos

- Comprensión de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos á experiencia do alumnado, como mensaxes de **chat e de correo electrónico**, normas e **instrucións de uso**.
- Comprensión de textos dos **medios de comunicación**, sobre todo de noticias relacionadas coa vida cotiá, atendendo ao lugar que ocupan na estrutura do xornal, á información dos feitos e aos elementos paratextuais.
- Comprensión de textos do **ámbito académico**, atendendo especialmente aos de carácter instrutivo e expositivo (incluídos webs educativos e informacións de dicionarios, glosarios e enciclopedias en diversos soportes).
- Detección do tema e dos subtemas de narracións e aplicación a elas de técnicas de análise do contido de textos escritos: **subliñado das ideas principais, elaboración de esquemas que as estruturen visualmente e resumo**.
- Actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes que supoñan calquera tipo de discriminación, con especial atención ás procedentes das informacións dos xornais. Identificación dos usos lingüísticos discriminatorios máis evidentes e procura de alternativas.

- Lectura en voz alta con dicción, entoación e ritmo correctos, incidindo especialmente na adecuación aos patróns fonéticos do galego e na atención aos signos de puntuación.

Producción de textos escritos

- Composición de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais, como instrucións e normas, mensaxes de chat ou de correo electrónico.
- Composición de textos propios dos medios de comunicación impresos ou dixitais, especialmente noticias.
- Composición de textos propios do ámbito académico, especialmente conclusións sobre tarefas e aprendizaxes efectuadas, resumos, esquemas e exposicións sinxelas.
- Planificación, revisión e boa presentación dos textos escritos, con respecto polas normas gramaticais e ortográficas e mais con adecuación á temática, fins, destinatarios... de cada escrito.

Producción oral

- Escoita con interese e respecto as intervencións orais, respectando as normas de cortesía.
- Participa de maneira activa en situacións orais propias do ámbito académico.
- Le de maneira comprensiva e interpreta textos escritos en distintos ámbitos con diferentes intencións comunicativas
- Le en voz alta coa dicción adecuada e respectando os patróns fonéticos do galego.

Funcionamento da lingua (30%)

- Indución, a partir de usos contextualizados, da diferenza entre palabras flexivas e non flexivas e **recoñecemento das categorías gramaticais básicas** (substantivo, adxectivo cualificativo, os pronomes, o verbo e o adverbio), para o perfeccionamento da produción e comprensión textuais.
- Uso dun **léxico** suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos identificados nos textos traballados na aula.
- Uso reflexivo da **puntuación** en relación coa cohesión sintáctica, así como das normas ortográficas (acentuación...), con aprecio dos seus valores funcionais e sociais.

Lingua e sociedade 10%

- Coñecemento xeral da diversidade lingüística no mundo e no Estado español, valorando positivamente o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.
- A lusofonía.
- Os prexuízos lingüísticos.

Educación literaria 20%

- Comparación entre textos literarios e non literarios e dos tres grandes xéneros a partir dos seus trazos característicos máis xerais.
- Creación de textos de intención literaria partindo dos trazos formais dos traballados na aula e das posibilidades lúdico-estéticas da lingua.
- Análise doutras linguaxes estéticas: o cómic e a canción como linguaxes artísticas.

CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA

Na **proba extraordinaria de setembro** haberá un exame escrito no que se cualificarán os estándares de aprendizaxe mínimos para a superación da materia. Esta proba valorarase conforme a estas porcentaxes:

- **Comunicación escrita: 40%**
- **Funcionamento da lingua: 30%**
- **Lingua e sociedade: 10%**
- **Educación literaria: 20%**

2º ESO

CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. No seguinte [enlace](#) aparece recollida a táboa completa.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Libro de texto: *Lingua e literatura 2º ESO*. Xerais

Libros de lectura. Referenciamos os libros da 1ª Avaliación, os restantes iranse programando segundo o orzamento do centro e os gustos do alumnado.

Lectura de clase: Selección de textos da obra *Contos vellos para rapaces novos* de Neira Vilas

Lectura **optativa:** escollerase ao longo da avaliación

METODOLOXÍA

A área de Lingua Galega e Literatura é unha materia das denominadas instrumentais, polo que no traballo de aula o/a docente manexa dous obxectivos fundamentais:

- . a consecución de obxectivos curriculares a través dos contidos de currículo
- . o desenvolvemento de habilidades que favorezan a aprendizaxe do alumnado noutras áreas.

Neste proceso é necesario **o adestramento individual e o traballo reflexivo** de procedementos básicos da materia que son, obviamente, extrapolables a outras áreas e contextos de aprendizaxes.:

- comprensión oral e escrita
- a expresión oral e escrita
- educación literaria

Nalgúns aspectos da área, fundamentalmente naquelas que perseguen as habilidades de comunicación entre iguais e o desenvolvemento da expresión e comprensión oral, o **traballo en**

grupo colaborativo achega, ademais do adestramento de habilidades sociais básicas e o enriquecemento persoal desde a diversidade, unha plataforma axeitada para adestrar a competencia comunicativa.

TEMPORIZACIÓN

Por avaliación estudaremos tres unidades do libro de texto ás que engadiremos exercicios de ampliación e reforzo segundo as necesidades educativas que vaíamos detectando.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Para a valoración da avaliación serán cualificados os seguintes aspectos do traballo trimestral:

1. Por avaliación haberá como mínimo dúas **probos escritas**. Os exames constarán xeralmente dun texto e preguntas referidas ao mesmo co fin de avaliar a capacidade lectora e comprensiva do alumnado. Unha segunda parte do mesmo referirase á produción textual e unha terceira parte na que se valorarán os aspectos teóricos traballados na aula. Esta parte terá unha cualificación de un **70% da nota global**.

2. **Proxecto lector:** Co fin de potenciar o hábito lector o alumnado poderá entregar ou desenvolver distintos traballos relacionados con lecturas voluntarias. Esta apartado valorarase cun **10%** na cualificación global.

3. **Traballos de investigación** desenvolvidos dentro da aula ou na casa **10%**

4. **Actitude e traballo** desenvolvido na **aula** ou tarefas requiridas polo profesorado para realizar na casa. Este aspecto cualificarase co **10%**.

GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Comunicación oral (escoitar e falar)

- Escoita con interese e respecto as intervencións orais, respectando as normas de cortesía.
- Participa de maneira activa en situacións orais propias do ámbito académico.
- Produce discursos comprensibles, adecuados á situación e á intención comunicativa,

coherentes e ben organizados, sobre temas de interese persoal ou social da vida cotiá e académica.

Comunicación escrita (ler e escribir)

- Le de maneira comprensiva e interpreta textos escritos en distintos ámbitos con diferentes intencións comunicativas
- Le en voz alta coa dicción adecuada e respectando os patróns fonéticos do galego.
- Elabora, en formato papel ou dixital, textos propios da vida cotiá, das relacións sociais ou do ámbito académico, con adecuación, coherencia, cohesión e corrección.
- Utiliza as TIC, con progresiva autonomía, para redactar e presentar os seus escritos.

Estes dous apartados supoñerán un **40%** do total

Funcionamento da lingua (30%)

- Utiliza un léxico amplo e preciso.
- Utiliza adecuadamente a fonética do galego.
- Utiliza os dicionarios e outras fontes de consulta en diferentes soportes para resolver dúbidas e progresar na aprendizaxe autónoma.
- Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas do galego.
- Utiliza as categorías gramaticais básicas para mellorar a creación e a comprensión de textos.
- Coñece e utilizar os conectores textuais e as regras de concordancia para dar cohesión aos textos.

Lingua e sociedade (10%)

- Valora as linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo.
- Coñece e analiza a situación sociolingüística de Galicia, a partir do seu contorno familiar e o do resto do alumnado, valorando a importancia de contribuír ao proceso de normalización da lingua.
- Coñece a situación sociolingüística e legal das linguas de España.

Educación literaria (20%)

- Diferencia os textos non literarios dos literarios, e nestes últimos, identificaos tres grandes xéneros.
- Le de maneira comprensiva, expresiva ou dramatizada textos de distintos xéneros,

relacionándoos coa súa experiencia propia e expoñendo a súa opinión.

- Sintetiza os textos de comprensión lectora traballados na aula ao longo do curso e é capaz, asemade, de emitir un xuízo crítico sobre eles.
- Elabora tendo en conta a propiedade da adecuación, coherencia, cohesión e corrección gramatical textos expositivos sobre calquera escritor ou escritora traballado na aula.

CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA

Na **proba extraordinaria de setembro** haberá un exame escrito no que se valorarán estes estándares de aprendizaxe mínimos para a superación da materia. Esta proba será cualificada conforme a estas porcentaxes:

- **Comunicación escrita: 40%**
- **Funcionamento da lingua: 30%**
- **Lingua e sociedade: 10%**
- **Educación literaria: 20%**

3º ESO

CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Recollidos literalmente no seguinte [enlace](#).

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

- Libro de texto: Lingua e Literatura 3º ESO. Editorial Santillana. (Edición 2015)
- Libros de lectura obrigatorios.
 - 1ª avaliación: Maceiras, Andrea: *O que sei do silencio*. Ed. Xerais
 - 2ª avaliación: Santos, Care: *Mentira*. Ed. Edebé
 - 3ª avaliación: Departamento: *Escolma poética de Carlos Negro*
- Outros materiais didácticos:
 - Unidades didácticas complementarias
 - Xornais impresos e dixitais
 - Páxinas e blogues da internet.
 - Textos literarios e xornalísticos
 - Actividades interactivas de lingua
 - Filmes e vídeos didácticos
 - Dicionarios, gramáticas, correctores ortográficos...
 - Guías de lectura e outros materiais complementarios

METODOLOXÍA

O texto, literario ou xornalístico, será a base do traballo cotián. O estudo da gramática e, en xeral, das formas, estruturas e regras estará ao servizo da comprensión e da produción textual. Procurarase que o alumnado teña un papel activo na elaboración do seu coñecemento, mediante a indagación, a discusión, a elaboración de conclusións... Promoverase a participación activa nas clases mediante diversos métodos: debates, exposicións orais, presentacións, etc..

O traballo desenvolverase atendendo á necesidade de incidir na competencia comunicativa tanto a nivel oral como escrito. O emprego de textos da realidade cotiá con temas próximos aos centros de interese do alumnado será unha constante ao longo de todo o curso. Tentarase que os rapaces e rapazas participen de xeito activo no seu proceso de aprendizaxe favorecendo a investigación como medio de adquisición de coñecementos.

O estudo das cuestións gramaticais (morfoloxía, ortografía...) estará supeditado á mensaxe comunicativa (dándolle prioridade á comprensión-expresión) e relacionado co emprego de textos de natureza variada.

A adquisición de novo vocabulario (a través das lecturas) e o seu emprego correcto será outro dos piares básicos sobre o que se asentará a metodoloxía deste curso.

A relación entre o apartado de Lingua e Sociedade e o de Educación Literaria será unha prioridade neste nivel co obxectivo de que o alumnado comprenda as circunstancias históricas e sociais que determinaron e determinan a situación da nosa cultura.

TEMPORIZACIÓN

Os estándares relativos aos bloques de Comunicación oral, Comunicación escrita e Funcionamento da lingua serán traballados ao longo de todo o curso. Os contidos referidos á Lingua e Sociedade e Educación literaria serán abordados segundo a proposta do libro de texto do seguinte xeito:

1ª avaliación: unidades 1, 2, 3 e 4.

- As linguas peninsulares: formación e evolución
- Historia social da lingua galega: etapa medieval
- Linguas do estado español
- Contacto entre linguas: bilingüismo
- A literatura na Idade Media: a cantiga de amor e a cantiga de amigo

2ª avaliación: unidades 5, 6, 7 e 8.

- Contacto entre linguas: diglosia e conflito lingüístico
- A consideración social das linguas
- Historia social da lingua galega: os Séculos Escuros
- O galego e a lusofonía
- A literatura na Idade Media: cantigas satíricas e cantigas de Santa María. A prosa medieval.
- A literatura nos Séculos Escuros

3ª avaliación: unidades 9, 10, 11 e 12.

- Contacto entre linguas: a normalización
- Variación lingüística: niveis, rexistros e dialectos
- Alternancia de códigos e interferencias
- A literatura no século XIX: Os Precursores
- A literatura no século XIX: O Rexurdimento. Rosalía, Curros e Pondal

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Farase un seguimento do traballo diario na aula e nas tarefas enviadas para a casa. Asemade desenvolverase unha valoración da progresión individual (chamadas de clase, recollida e corrección de comentarios de texto ...). Avaliaranse os contidos correspondentes ás unidades mediante probas (escritas ou orais) deseñadas para este fin. Tamén se atenderá especialmente á avaliación por competencias e ás carencias que o alumnado poida presentar. Neste punto será relevante a realización dunha avaliación inicial e a valoración dos resultados e a posterior evolución ao longo do curso, Nesta proba inicial incidirase especialmente en valorar o nivel de comprensión e a capacidade de expresión, así como o nivel de corrección lingüística.

Os exames serán, como mínimo, dous por avaliación e supoñerán un **80%** da cualificación. Cada trimestre abranguerá catro temas do libro de texto (Lingua e Sociedade e Educación Literaria) e o material complementario proporcionado mediante fotocopias, consulta de páxinas web....

Outros aspectos computables para a cualificación serán:

- Lecturas. Serán avaliadas mediante controis ou traballos sobre os libros propostos para cada trimestre **(10%)**.
- Traballos obrigatorios, chamadas de clase e a actitude cara a materia **(10%)**.
- Corrección lingüística: descontarse 0,1 puntos por cada falta ata un máximo de 2 puntos (exames e traballos)
- Traballos de investigación e lecturas voluntarias. Será posible subir a nota media ata un punto. Nunca terán unha cualificación negativa.

A avaliación será continua nos tres primeiros bloques de contidos (Comunicación oral, Comunicación escrita, Funcionamento da lingua). Nos bloques 4 e 5 (Educación literaria e Lingua e Sociedade) non será avaliación continua. Aqueles alumnos ou alumnas que teñan algunha avaliación ou parte suspensa terán a posibilidade de presentarse a un exame final no mes de xuño. O alumnado que teña todas as avaliacións suspensas deberá ir directamente á proba extraordinaria de setembro, xa que coa cualificación de xuño son avaliados non só os contidos mínimos, senón tamén o traballo, a actitude e a progresión ó longo do curso.

GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

A continuación especificanse os estándares de aprendizaxe asociados cos bloques de contidos e as porcentaxes correspondentes. Serán aplicados nas convocatorias extraordinarias de xuño e setembro.

Comunicación escrita e oral: ler, escribir e falar (20%)

- Identifica a estrutura comunicativa das mensaxes escritas e a intención do emisor.
- Utiliza o rexistro lingüístico adecuado en función da situación comunicativa e do ámbito de uso.
- Usa elementos lingüísticos e discursivos para alcanzar a coherencia e cohesión interna (conectores e tratamento de formas verbais).

- Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal adecuada (mirada e posición do corpo), así como o autocontrol das emocións ao falar en público.
- Recoñece e rexeita argumentadamente os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia propia da lingua galega.
- Reflexiona e ten unha postura crítica ante as mensaxes discriminatorias que proveñen dos medios de comunicación.
- Utiliza o rexistro adecuado á situación comunicativa.
- Desenvolve argumentos de forma comprensible e convincente e comenta as contribucións das persoas interlocutoras.

Funcionamento da lingua (20%)

- Selecciona o léxico e as expresións axeitadas en contextos comunicativos de uso formal da lingua.
- Emprega textos escritos e respecta as normas gramaticais.
- Identifica, explica e usa distintos conectores, así como outros mecanismos que lle achegan cohesión a un texto.
- Determina o tema, delimita a estrutura e identifica a progresión temática en producións propias e alleas. Elabora textos nos que ten en conta os parámetros anteriores.
- Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos.

Lingua e Sociedade (20%)

- Valora a lingua como medio de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo e amósase capaz de explicar a súa postura.
- Describe e analiza a situación sociolingüística de Galicia.

- Identifica os castelanismos nas producións lingüísticas e depura estes elementos no seu propio discurso.
- Identifica as consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916.

Educación literaria (40%)

- Comprende e explica razoadamente as distintas épocas e períodos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916 e sinala os seus principais trazos característicos.
- Comenta, de forma guiada, textos de obras da Literatura galega desde a Idade Media ata 1916, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente.
- Compara textos literarios dunha mesma época ou período ou de diferentes épocas e períodos atendendo aos seus principais contidos, sinala os seus trazos característicos definitorios e pon todo en relación co contexto histórico, cultural e sociolingüístico da(s) época(s) ou do(s) período(s).

CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA

Na **convocatoria extraordinaria de setembro** haberá unha proba escrita na que se valorarán estes estándares de aprendizaxe mínimos para a superación da materia. Esta proba valoraranse conforme a estas porcentaxes:

- **Comunicación escrita: 40%**
- **Funcionamento da lingua: 30%**
- **Lingua e sociedade: 10%**
- **Educación literaria: 20%**

4º ESO

CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Neste [enlace](#) accédese a este punto da nosa programación.

MATERIAL DIDÁCTICO

Libro de texto: *Lingua e literatura 4º ESO*. Santillana Obradoiro

Libros de lectura: 1ª Av.: Alfonso D. R. Castelao, *Retrincos. Un ollo de vidro*. Ed. Galaxia

María Solar, *Os nenos da variola*. Ed. Galaxia

2ª Av. : Jordi Sierra i Fabra, *Durmido sobre os espellos*. Ed. Galaxia

Marina Mayoral, *Tristes armas*, Ed. Xerais

3ª Av.: Héctor Carajaville, *A caixiña dos rancores*, Ed. Xerais

Manuel Núñez Singala, *Comedia bífida*, Ed. Galaxia

METODOLOXÍA

Utilizarase a mesma metodoloxía de traballo de 3º de ESO, baseada nos seguintes aspectos concretados a continuación.

A interrelación entre o apartado de Lingua e Sociedade e o de Educación Literaria será unha prioridade neste nivel co obxectivo de que o alumnado comprenda as circunstancias históricas e sociais que determinaron e determinan a situación da nosa cultura. Ademais, neste nivel, farase fincapé na necesidade de identificar e singularizar as etapas da Historia da Lingua e da Literatura estudadas o curso anterior coa finalidade de adquirir unha visión de conxunto

As distintas tipoloxías textuais seguirán a ser a base do traballo cotián. O estudo da gramática e, en xeral, das formas estruturas e regras, estará ao servizo da comprensión e da produción textual. Procurarase que o alumnado teña un papel activo na elaboración do seu

coñecemento, mediante a indagación, a discusión, a elaboración de conclusións... Promoverase a participación activa nas clases mediante diversos métodos: debates, exposicións orais, presentacións, etc..

O traballo desenvolverase atendendo á necesidade de incidir na competencia comunicativa tanto a nivel oral como escrito. O emprego de textos da realidade cotiá con temas próximos aos centros de interese do alumnado será unha constante ao longo de todo o curso. Tentarase que os rapaces e rapazas participen de xeito activo no seu proceso de aprendizaxe favorecendo a investigación como medio de adquisición de coñecementos.

O estudo das cuestións gramaticais (morfoloxía, ortografía...) estará supeditado á mensaxe comunicativa (dándolle prioridade á comprensión-expresión) e relacionado co emprego de textos de natureza variada.

A adquisición de novo vocabulario (a través das lecturas) e o seu emprego correcto será outro dos piares básicos sobre o que se asentará a metodoloxía deste curso.

TEMPORIZACIÓN

Os estándares relativos aos bloques de Comunicación oral (competencia lectora e expresión oral) e Funcionamento da lingua (vocabulario, ortografía e gramática) serán traballados ao longo de todo o curso. Os contidos referidos á Lingua e Sociedade, Educación literaria e Comunicación escrita serán abordados segundo a proposta do libro de texto do seguinte xeito:

1.ª Avaliación (unidades 1, 2, 3 e 4)

- O texto expositivo e os xéneros xornalísticos informativos.
- Historia social da lingua: o galego moderno 1916- 1936
- A poesía das Irmandades
- Linguas maioritarias, minoritarias e minorizadas
- A poesía das Vangardas
- Os prexuízos lingüísticos
- A prosa da época das Irmandades. O grupo Nós

2ª Avaliación (unidades 5,6,7 e 8)

- A argumentación e a comunicación administrativa: a solicitude e o currículo.
- Niveis e rexistros lingüísticos.
- Historia social da lingua: o galego moderno (1936- 1978)
- A literatura galega no exilio
- As linguas do Estado español
- A poesía de 1936 a 1976
- A prosa de 1936 a 1976 (I)

3ª Avaliación (unidades 9,10,11 e 12)

- Os textos prescritivos e os publicitarios.
- As variedades dialectais e xeográficas.
- A prosa de 1936 a 1976 (II)
- O galego moderno: de 1978 ata a actualidade
- A poesía dende 1976 ata a actualidade
- A prosa dende 1976 ata a actualidade
- O teatro de 1916 ata a actualidade

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Para a valoración da avaliación serán cualificados os seguintes aspectos do traballo:

1. Por avaliación haberá como mínimo dúas probas escritas relacionadas cos contidos deseñados para cada avaliación. Esta parte terá unha cualificación de un **80% da nota global.**

2. **Proxecto lector:** Por avaliación deberán ler obrigatoriamente unha obra pautada polo

departamento que se valorará cun 10% na cualificación de cada avaliación.

Co fin de potenciar o hábito lector o alumnado poderá entregar ou desenvolver distintos traballos relacionados con lecturas voluntarias. O apartado referido ao das lectura optativas valorarase cun **10%** na cualificación global.

3. Traballos de investigación. Valorarase a presentación oral de traballos grupais e individuais, asemade computarán tamén as chamadas de clase e a actitude na aula. Este apartado valorarase cun 10% na cualificación global.

GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Comunicación oral (20%)

- . Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal adecuada (mirada e posición do corpo), así como o autocontrol das emocións ao falar en público.
- . Recoñece e rexeita argumentadamente os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia propia da lingua galega.
- . Reflexiona e ten unha postura crítica ante as mensaxes discriminatorias que proveñen dos medios de comunicación.
- . Utiliza o rexistro adecuado á situación comunicativa.
- . Desenvolve argumentos de forma comprensible e convincente e comenta as contribucións das persoas interlocutoras

Comunicación escrita (20%)

- . Identifica a intención comunicativa, o tema e os subtemas de escritos propios da vida cotiá relacionados co ámbito laboral, administrativo e comercial.
- . Diferencia os trazos característicos dos textos xornalísticos de opinión: carta ao director, editorial, columna e artigo de opinión.
- . Identifica a estrutura do texto, en construcións propias e alleas.
- . Elabora textos cunha estrutura apropiada, divididos en parágrafos e empregando os mecanicismos de progresión temática.
- . Identifica e describe a estrutura e os trazos lingüísticos dos diferentes xéneros textuais, especialmente nos argumentativos, e aplícaos nas producións propias.

Funcionamento da lingua (10%)

- . Recoñece, explica e usa un léxico amplo e preciso de diferentes categorías gramaticais.
- . Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega nos discursos orais e escritos.
- . Elabora producións lingüísticas cunha adecuación apropiada ao contexto, ao tema e ao xénero textual.

Lingua e sociedade (20%)

- . Coñece e describe a lexislación estatal e autonómica básica en materia lingüística.
- . Describe acertadamente con criterios sociolingüísticos a situación galega actual.
- . Sinala os prexuízos lingüísticos atribuíbles a calquera lingua e especialmente á galega e rebáteos cunha argumentación axeitada.

Educación literaria (30%)

- . Comprende e explica razoadamente os distintos períodos da literatura galega de 1916 ata a actualidade sinalando os seus principais trazos característicos.
- . Comenta, de forma guiada ou libre, textos de obras da literatura galega desde 1916 ata a actualidade, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente.

SISTEMA DE RECUPERACIÓN: No mes de xuño aquel alumnado que teña unha ou dúas avaliacións suspensas poderá presentarse a un exame de recuperación. O alumnado con tres avaliacións suspensas irá directamente ao exame extraordinario de setembro.

CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA

Eis os bloques de contido e a súa puntuación na proba de setembro:

- 1. . Comunicación escrita (40%)**
- 2. . Funcionamento da lingua (30%)**
- 3. . Lingua e sociedade (10%)**
- 4. . Educación literaria (20%)**

PROGRAMACIÓN BACHARELATO

5.1 CONSIDERACIÓNS XERAIS

OBXECTIVOS XERAIS DA ETAPA

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de

formación e enriquecemento cultural.

o) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.

p) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

q) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

PROCEDIMENTOS DE RECUPERACIÓN DE PENDENTES

Aqueles alumnos ou alumnas que teñan pendente a materia de 1º Bach poderán presentarse a dous parciais nos meses de xaneiro e abril. Se non conseguen superar a materia aprobando os dous parciais terán que presentarse a unha proba escrita no mes de maio onde serán examinados de todos os contidos. Na cualificación dos dous exames parciais non será posible facer media cunha nota inferior a 4.

A estrutura dos exames será a mesma dos exames de 1º Bach: comentario de texto, cuestións avaliadoras do coñecemento da lingua e contidos dos apartados Educación Literaria e Lingua e Sociedade. Os mínimos serán os establecidos nesta programación para o nivel sinalado.

5.2 PROGRAMACIÓN ESPECIFICADA POR CURSOS

1º BACHARELATO

CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Recollemos literalmente do DOGA estes aspectos da nosa programación no seguinte [enlace](#). A seguinte programación está deseñada segundo o Decreto 86/2015, do 25 de xuño de 2015, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

A materia de Lingua Galega e Literatura preséntase estruturada en **cinco bloques**:

- Bloque 1, "Comunicación oral. escoitar e falar", atende ao uso oral da lingua. Incide, sobre todo, na necesidade de que o alumnado galego teña modelos de fala adecuados e poida pór en práctica a súa lingua dentro e fóra da aula en contextos formais e informais.
- Bloque 2, "Comunicación escrita. Ler e escribir", ocúpase da comprensión e a produción escrita.
- Bloque 3, "Funcionamento da lingua", integra contidos relacionados co código e a súa organización e responde á necesidade de reflexión sobre a propia lingua coa finalidade de capacitar para o seu uso correcto, sen concibir os coñecementos lingüísticos como un fin en si mesmo.
- Bloque 4, "Lingua e sociedade", pretende que o alumnado comprenda os procesos sociolingüísticos e identifique os prexuízos para a súa superación. Así mesmo, persegue que recoñeza e empregue termos sociolingüísticos de xeito preciso.
- Bloque 5, "Educación literaria", asume o obxectivo de facer do alumnado lectorado competente, que integre a lectura como un mecanismo de comprensión do propio eu e da sociedade ao longo de toda a súa vida, a través do achegamento á historia da literatura galega, así como ás súas obras e aos seus autores e autoras máis salientables, recoñecendo a vinculación destes produtos literarios coa propia historia de Galiza.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Libro de texto recomendado:

Lingua e Literatura 1º Bacharelato. Editorial Consorcio

Libros de lectura:

- 1ª avaliación: Portabales, Arantza: *Deixe a súa mensaxe despois do sinal*. Ed. Galaxia
- 2ª avaliación: Fernández Paz, Agustín: *A viaxe de Gagarin*. Ed. Xerais
- 3ª avaliación: (escoller un)
 - Aleixandre, Marilar: *A cabeza de medusa*. Ed. Xerais
 - Costas, Leticia: *Infamia*. Ed. Xerais
 - Feijoo, Pedro: *A memoria da choiva*. Ed. Xerais
 - Portabales, Arantza: *Beleza vermella*. Ed. Galaxia
 - Rivas, Manuel: *O lapis do carpinteiro*. Ed. Xerais
 - Solar, María: *Os nenos da variola*. Ed. Xerais

Outros materiais:

Páxinas web, recursos audiovisuais (poemas musicados, documentais...) e materiais complementarios elaborados pola profesora.

METODOLOXÍA

A metodoloxía estará baseada nos seguintes principios:

- Adoptar un enfoque comunicativo no ensino e aprendizaxe da lingua, que faga do texto a unidade comunicativa fundamental e que favoreza o emprego do idioma en distintas funcións e contextos de uso.
- Proporcionar e traballar con textos de distinta natureza, especialmente expositivos e argumentativos.
- Promover a utilización da diversidade de fontes e recursos para a obtención da información.
- Potenciar a lectura, interpretación e valoración de obras literarias.
- Ofrecer actividades abertas que impliquen a busca, selección e tratamento da información, a posibilidade de tomar decisións e emitir opinións sobre diferentes cuestións de forma crítica.

TEMPORIZACIÓN

Os estándares relativos aos bloques de Comunicación oral, Comunicación escrita e Funcionamentos da lingua serán traballados ao longo de todo o curso. Os referidos á Lingua e Sociedade e Educación literaria serán abordados segundo a proposta do libro de texto (*Lingua Galega e Literatura*. Ed. Consorcio) e secuenciados temporalmente da seguinte maneira:

1ª avaliación

- A formación da lingua galega . Do latín ao galego
- O galego na Idade Media
- A literatura galego-portuguesa medieval
- O nome
- Os pronomes persoais, relativos, interrogativos e exclamativos
- O comentario de texto
- Tipoloxía textual

2ª avaliación

- A lingua galega nos Séculos Escuros
- A literatura galega nos Séculos Escuros
- A lingua galega no Rexurdimento
- A literatura galega no Rexurdimento. Os Precusores
- Rosalía de Castro
- O artigo, demostrativo, posesivo, identificadores, ordinais e cuantificadores
- O verbo I
- Comentario crítico de textos

3ª avaliación

- Eduardo Pondal
- Manuel Curros Enríquez
- O verbo II
- Adverbios, preposicións e conxuncións
- O texto expositivo-argumentativo

PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Para a cualificación académica serán valorados os seguintes aspectos:

Realizaranse dous exames cada avaliación; será necesario acadar unha cualificación mínima de 3 para facer media. O libro de lectura (control ou traballo) será avaliado sobre 10 e supoñerá o 10% da cualificación trimestral. Outros aspectos computables para a cualificación serán as chamadas de clase (comentarios de textos e exercicios de lingua) e a valoración da actitude e o traballo na aula.

Os traballos voluntarios (lecturas, investigación, colaboracións co Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística, co Club de lectura Fendetestas e con Curtisbiblio) computarán como máximo 1 punto despois de facer a nota media.

Corrección lingüística: como norma xeral descontarase 0,1 por cada falta ata un máximo de 2 puntos. As solucións contrarias á norma consideradas faltas graves (tempos compostos, grafías alleas...) serán penalizadas con 0.2 Estes criterios aplicaranse en exames e traballos.

O alumnado que non obteña cualificación de aprobado nas diferentes avaliacións poderá presentarse a unha proba de recuperación trimestral da parte de teoría correspondente (Historia da Lingua e Historia da Literatura). Os apartados referentes á lingua e ao comentario de texto serán avaliados de xeito continuo tendo en conta a progresión acadada ao longo do curso.

Todos os alumnos e alumnas, independentemente de ter aprobadas ou non as tres avaliacións, terán que realizar un exame final de mínimos no mes de xuño. Previamente será necesario presentar un esquema-resumo onde se recollan os contidos traballados ao longo do curso.

A cualificación final será a media das avaliacións e o exame final. Valorase asemade a actitude cara a materia, os traballos voluntarios e a evolución ao longo do curso.

GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Comunicación escrita (30%)

- Recolle as ideas fundamentais do texto en resumos, esquemas e mapas conceptuais.
- Interpreta o sentido global do texto, identifica o propósito comunicativo do/da autora e emite opinións e xuízos sobre a mensaxe.

- Identifica o tema e a estrutura de textos de carácter expositivo e argumentativo, de tema especializado, propios do ámbito académico ou de divulgación científica e cultural.
- Produce textos escritos ou orais de diferentes xéneros mostrando un correcto nivel de corrección gramatical, presentación, adecuación, coherencia, cohesión e corrección.

Funcionamento da lingua (20%)

- Identifica e explica os usos e valores do substantivo e do adxectivo nun texto, relacionándoos coa intención comunicativa, coa tipoloxía textual, así como con outros compoñentes da situación comunicativa.
- Identifica e explica os usos e valores dos determinantes, relaciona a súa presenza coa intención comunicativa e a tipoloxía textual, así como con outros compoñentes.
- Identifica e explica os usos e valores dos verbos e das perífrases e relaciona a súa presenza coa intención comunicativa e a tipoloxía textual, así como con outros compoñentes.
- Identifica, explica e usa distintos tipos de conectores que lle proporcionan cohesión a un texto.
- Identifica e explica os usos e valores dos adverbios e das locucións adverbiais e relaciona a súa presenza coa intención comunicativa e a tipoloxía textual, así como con outros compoñentes.
- Identifica e explica os usos e valores dos pronomes e relaciona a súa presenza coa intención comunicativa e a tipoloxía textual, así como con outros compoñentes.

- **Lingua e sociedade (20%)**

- Identifica e describe os diferentes elementos constitutivos do galego ao longo da historia (substrato, estrato e superestrato).
- Describir o contexto histórico e cultural do galego antigo así como a súa situación sociolingüística.
- Describe o contexto histórico e cultural do galego medio así como a súa situación sociolingüística.

- Describe o contexto histórico e cultural do galego moderno (desde o século XIX ata 1916) así como a súa situación sociolingüística.
- Describe a diversidade lingüística no mundo, en Europa e na Península Ibérica.
- Determina o papel da lusofonía nas linguas do mundo no século XXI e a súa importancia cultural e económica desde a perspectiva galega.
- Diferencia e explica os conceptos de multilingüismo, plurilingüismo, lingua minoritaria e lingua minorizada, conflito lingüístico e diglosia e describe os fundamentos do ecolingüismo.
- **Educación literaria (30%)**
- Identifica, analiza e describe a literatura medieval: contextualiza sociohistórica e sociolingüisticamente as súas orixes, define as características principais e analiza a lírica profana (cantiga de amor, de amigo e de escarnio), a lírica relixiosa (cantigas de Santa María) e a prosa medieval.
- Identifica, analiza e describe a literatura do galego medio (séculos XVI, XVII e XVIII): contextualiza sociohistórica e sociolingüisticamente a produción desta etapa, e describe e analiza as obras e os/as autores/as principais.
- Identifica, analiza e describe a literatura do Rexurdimento: contextualiza sociohistórica e sociolingüisticamente a produción do Prerrexurdimento e o Rexurdimento pleno ata 1916 e describe e analiza as obras e os/as autores/as principais deste período.

CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO

Os bloques de contido serán avaliados segundo as seguintes porcentaxes na proba extraordinaria de setembro:

- . **Comunicación escrita (30%)**
- . **Funcionamento da lingua (20%)**
- . **Lingua e sociedade (20%)**
- . **Educación literaria (30%)**

2º BACHARELATO

CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. No seguinte [enlace](#) pódese acceder á táboa completa.

CONTIDOS

Diferenciaremos os seguintes bloques de contidos atendendo á estrutura das probas deseñadas pola CIUGA.

Comentario de texto

1. Propiedades do texto: adecuación, coherencia e a cohesión. Análise de procedementos lingüísticos básicos e aplicación ás propias producións.
2. Comprensión do texto:
 - . Resumo breve do texto ou dunha parte del.
 - . Estrutura do texto.
 - . Ideas principais e secundarias.
 - . Intencionalidade do texto.
 - . Opinión do autor sobre algún aspecto que se indique. Será especialmente interesante que o/a alumno/-a perciba as ironías, por exemplo, e non entenda só o que se di, senón o que se quere dicir.
 - . Significado concreto no texto dalgunha palabra ou expresión.
 - . Recoñecemento e descrición de recursos cohesivos gramaticais e léxico -semánticos
 - . Descrición do rexistro do texto e análise das súas manifestacións lingüísticas
3. Comentario crítico.

Lingua

1. A fonética e a fonoloxía. Descrición de fonemas.
2. As variedades dialectais. Bloques e áreas dialectais. Principais trazos fonéticos, morfolóxicos e sintácticos. O texto dialectal.
3. Estrutura e formación de palabras. Tipos de morfemas e análise morfolóxica.
4. Semántica: campos semánticos. As relacións e os cambios semánticos. Definición de palabras.
5. Sintaxe: unidades e funcións sintácticas. Análise sintáctica.
6. Repaso de morfoloxía (impártese en 1º Bac)

Sociolingüística

1. Estereotipos e prexuízos lingüísticos: a súa repercusión nos usos.
2. Historia da normativización: a construción da variedade estándar. Interferencias e desviacións da norma.
3. O galego: lingua en vías de normalización.
4. O galego no 1º terzo do século XX: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.
5. O galego de 1936 a 1978: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.
6. O galego de finais do século XX e comezos do XXI: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.

Literatura

- 1.- A poesía das Irmandades da Fala. Características, autores e obras representativas.
- 2.- A poesía de vangarda. Características, autores e obras representativas.
- 3.- A prosa do primeiro terzo do XX: as Irmandades e o Grupo Nós (narrativa, ensaio e xornalismo).
- 4.- O teatro do primeiro terzo do XX: Irmandades, vangardas e Grupo Nós.
- 5.- A literatura do exilio entre 1936 e 1976: poesía, prosa e teatro.

- 6.- A poesía entre 1936 e 1976: a Xeración do 36, a Promoción de Enlace, a Xeración das Festas Minervais.
- 7.- A prosa entre 1936 e 1976: os renovadores da prosa (Fole, Blanco Amor, Cunqueiro e Neira Vilas).
- 8.- A Nova Narrativa galega. Características, autores e obras representativas.
- 9.- O teatro galego entre 1936 e 1976: a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia.
- 10.- A poesía de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Poetas e tendencias actuais máis relevantes.
- 11.- A prosa de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Prosistas e tendencias actuais máis relevantes.
- 12.- O teatro de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Dramaturgos, tendencias e compañías actuais máis relevantes

MATERIAIS

Non se usará libro de texto oficial polo que botaremos man de todos os medios de apoio posíbeis que faciliten a consecución dos obxectivos do curso.

Libros de lectura obrigatorios

1ª Av.: *Escolma de textos do período de preguerra*. Departamento

2ª Av.: Blanco Amor: *A esmorga*. Vigo, Galaxia

3º Av.: Pazó, Cándido: *A piragua*. Ames, Laiovento

METODOLOXÍA

Neste nivel o obxectivo prioritario é conseguir o reforzo dos coñecementos teóricos e prácticos adquiridos nos cursos anteriores e a superación das carencias na aprendizaxe que aínda se puidesen arrastar. A nosa estratexia non vai diferir da utilizada nos niveis anteriores, salvo polo feito de que a atención máis detallada ou superficial dos temas dependerá do maior ou menor dominio

dos mesmos que demostre o alumnado.

En líneas xerais seguiremos o esquema:

Exposición teórica dos temas de cada unidade e reflexión conxunta co alumnado sobre os aspectos máis problemáticos dos mesmos. Nos apartados de Literatura e Sociolingüística o alumnado deberá elaborar unha exposición escrita de cada tema (extensión máxima de un folio no apartado literario e de medio nos temas relacionados no outro apartado mencionado).

Ao longo de todo o curso traballarase a comprensión e a análise textual a través de distintos tipos de textos (xornalísticos, literarios...).

Consideramos tamén prioritario que o alumnado se familiariza, xa desde as primeiras clases, cos modelos de exame de selectividade.

TEMPORIZACIÓN

1ª Avaliación

Comentario de texto

1. Propiedades do texto: a coherencia e a cohesión. Análise de procedementos lingüísticos básicos e aplicación ás propias producións. A progresión temática.

2. Comprensión do texto:

. Resumo breve do texto ou dunha parte del.

- Estrutura do texto.
- Ideas principais e secundarias.
- Intencionalidade do texto.
- Opinión do autor sobre algún aspecto que se indique. Será especialmente interesante que o/a alumno/-a perciba as ironías, por exemplo, e non entenda só o que se di, senón o que se quere dicir.

- Significado concreto no texto dalgunha palabra ou expresión.

3. Comentario crítico (extensión aproximada 200-250 palabras)

Lingua

1. Semántica: campos semánticos. As relacións e os cambios semánticos. Definición
ciónde palabras

2. Estrutura e formación de palabras. Tipos de morfemas e análise morfolóxica.
3. A fonética e a fonoloxía. Descrición de fonemas.
4. Repaso morfoloxía (adv. prep., conx., interx.).

Sociolingüística

1. O galego no 1º terzo do século XX: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.

Literatura

- 1.- A poesía das Irmandades da Fala. Características, autores e obras representativas.
- 2.- A poesía de vangarda. Características, autores e obras representativas.
- 3.- A prosa do primeiro terzo do XX: as Irmandades e o Grupo Nós (narrativa, ensaio e xornalismo).
- 4.- O teatro do primeiro terzo do XX: Irmandades, vangardas e Grupo Nós.

2ª Avaliación

Comentario de texto

Lingua

1. Repaso morfoloxía (nome, artigo, pronome, verbo).
2. As variedades dialectais. Bloques e áreas dialectais. Principais trazos fonéticos, morfolóxicos e sintácticos. O texto dialectal.

Sociolingüística

- 1 As funcións sociais da lingua. Conflito e diglosia. Estereotipos e prexuizos: a súa repercusión nos usos.
2. Historia da normativización: a construción da variedade estándar. Interferencias e desviacións da norma.
3. O galego de 1936 a 1975: características lingüísticas fundamentais. Contexto

histórico e situación sociolingüística.

Literatura

5.- A literatura do exilio entre 1936 e 1976: poesía, prosa e teatro.

6.- A poesía entre 1936 e 1976: a Xeración do 36, a Promoción de Enlace, a Xeración das Festas Minervais.

7.- A prosa entre 1936 e 1976: os renovadores da prosa (Fole, Blanco Amor, Cunqueiro e Neira Vilas).

8.- A Nova Narrativa galega. Características, autores e obras representativas.

3ª Avaliación

Comentario de texto

Lingua

- Sintaxe: unidades e funcións sintácticas. Análise sintáctica.

Sociolingüística

1. Linguas minorizadas e linguas minoritarias. O galego: lingua en vías de normalización.
2. O galego de finais do século XX e comezos do XXI: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.

Literatura

- 9.- O teatro galego entre 1936 e 1976: a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia.
- 10.- A poesía de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Poetas e tendencias actuais máis relevantes.
- 11.- A prosa de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Prosistas e tendencias actuais máis relevantes.
- 12.- O teatro de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Dramaturgos, tendencias e compañías actuais máis relevantes.

PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Os criterios de avaliación e promoción do alumnado atenderán aos seguintes aspectos:

Exames: Por avaliación haberá dúas probas escritas. Cada un dos exames será puntuado cunha nota máxima de cinco. A nota final de cada avaliación resultará da suma destas dúas probas escritas. No tocante á corrección ortográfica destas probas utilizaremos os mesmos criterios pautados polo grupo de traballo da CIUG. Por avaliacións os contidos referidos ao apartado Lingua e texto consideraranse como avaliación continua. Porén, os temas de sociolingüística e literatura trataranse dunha forma individualizada en cada avaliación e non terán a consideración de materia continua.

Outros aspectos computables para a cualificación: Á nota media dos dous exames (sempre e cando se acade unha nota media mínima de 4) sumaremos:

- 1 punto: en cada avaliación serán propostos ao alumnado distintos traballos relacionados cos contidos deste nivel. O resultado da suma destes traballos será de 1 punto como nota máxima.

Exame final e recuperacións: Haberá un exame final que avaliará os contidos traballados ao longo do curso. Todo o alumnado deberá superar este exame para aprobar a materia.

GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Competencia comunicativa (50%)

- Le comprensivamente e criticamente distintos tipos de textos propios deste nivel.
- Coñece e utiliza na súa comunicación oral e escrita as propiedades da adecuación, coherencia, cohesión e corrección gramatical.
- Interpreta o sentido global e identifica a intención comunicativa do emisor en textos expositivos e argumentativos de distintos ámbitos.
- Sintetiza as ideas fundamentais de distintos tipos de texto en resumos, esquemas e mapas conceptuais.
- Produce textos expositivos e argumentativos con corrección, coherencia e adecuados á situación comunicativa.

Lingua e texto (20%)

- Domina o plano fonolóxico, morfolóxico e léxico-semántico da nosa lingua.
- Coñece as variedades xeográficas do galego.

Lingua e Sociedade (10%)

- Desenvolve oralmente ou por escrito calquera dos seis temas deseñados neste apartado polo grupo de traballo con rigor, claridade e corrección gramatical.

Literatura (20%)

- Desenvolve oralmente ou por escrito calquera dos doce temas deseñados neste apartado polo grupo de traballo con rigor, claridade e corrección gramatical.

CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA

Nesta proba seguirase o modelo de puntuación pautado pola CIUGA:

50% Competencia comunicativa

20% Lingua e gramática

10% Lingua e sociedade

20% Literatura

PROCEDIMENTOS DE RECUPERACIÓN DE PENDENTES

Aqueles alumnos ou alumnas que teñan pendente a materia de 1º Bach poderán presentarse a dous parciais nos meses de xaneiro e abril. Se non conseguen superar a materia aprobando os dous parciais terán que presentarse a unha proba escrita no mes de maio onde serán examinados de todos os contidos. Na cualificación dos dous exames parciais non será posible facer media cunha nota inferior a 4.

A estrutura dos exames será a mesma dos exames de 1º Bach: comentario de texto, cuestións avaliadoras do coñecemento da lingua e contidos dos apartados Educación Literaria e Lingua e Sociedade. Os mínimos serán os establecidos nesta programación para o nivel sinalado.

6. TRATAMENTO DO FOMENTO DA LECTURA

A materia de Lingua Galega e Literatura ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado e debe tamén achegar ao alumnado as ferramentas e os coñecementos precisos para se desenvolver satisfactoriamente en calquera situación comunicativa da vida familiar, social e profesional. Eses coñecementos son os que articulan os procesos de comprensión e expresión oral por un lado, e de comprensión e expresión escrita por outro, de aí que a «comprensión lectora e expresión oral e escrita» estea presente no traballo cotiá nesta materia. A importancia da lectura para conseguir mellorar estas competencias é fundamental.

Ademais o bloque «Educación literaria» desenvolve o obxectivo de facer do alumnado lectores cultos e competentes coa lectura, coa comprensión e coa interpretación de obras literarias próximas aos seus gustos persoais e á súa madurez cognitiva.

Por todas estas razóns é unha prioridade do Departamento de Lingua e Literatura favorecer e potenciar o hábito lector do noso alumnado. Cómpre enumerar unha serie de actividades desenvolvidas ao longo dos últimos anos e ás que se ten previsto dar continuidade. Todas elas están dirixidas á promoción do hábito lector entre o alumnado.

- **Encontros literarios** con escritores/as: Á hora de confeccionar as listaxes de lecturas trimestrais tentarase que en cada un dos niveis o alumnado (agás 2º Bacharelato) teña a oportunidade de intercambiar impresións co autor ou autora.
- Propostas de **lecturas voluntarias**. Ademais das lecturas obrigatorias de cada trimestre, o alumnado poderá ler outras obras e elaborar un traballo de análise e comentario que será valorado na emisión da cualificación (tal e como figura recollido na programación).

- **Traballos de investigación** sobre escritores e escritoras. Promoverase a realización deste tipo de traballos que incidan non só nos datos biográficos, senón tamén no contexto literario e histórico das súas obras e na valoración destas. Daráselle prioridade ao coñecemento dos escritores e escritoras a través dos seus libros.
- **Exposicións** centradas no acto literario (escritores e escritoras, movementos literarios..) Poderán ser tanto exposicións elaboradas polo propio alumnado como alleas. Estarán sempre condicionadas a un traballo previo desenvolvido na aula e, por suposto, a unha valoración do seu aproveitamento tanto por parte do alumnado como do profesorado.
- Actividades relacionadas coa celebración do **Día das Letras Galegas**. Promoverase o coñecemento sobre a figura do autor homenaxeado no 2020, Ricardo Carballo Calero.
- **Campañas de animación á lectura**. Desenvolverase por varias vías:
 - Recomendacións do alumnado (elaboración de videorecensións, booktrailer, exposicións orais na aula, publicación nos blogs das recensións escritas...)
 - Lectura na aula de fragmentos de obras propostas como lecturas voluntarias
 - Análise da relación das obras lidas con outras ou interdisciplinabilidade con outras artes (cinema, música ...)
 - Consulta de blogs literarios e das recomendacións publicadas
- Recomendación de **páxinas web** onde o alumnado poida acceder a información sobre autores e obras da nosa literatura . Por exemplo: bvg.udc.es.
- Utilización nas aulas de **material audiovisual complementario** aos textos literarios (versións cinematográficas) e proposta de proxeccións para a Semana Cultural do centro. Relacionado con este punto poderá realizarse nas aulas unha análise comparativa da linguaxe literaria e da linguaxe cinematográfica.
- Promoción entre o alumnado da participación no **Club de Lectura Fendetestas** e valoración por parte do profesorado da importancia e da necesidade deste tipo de iniciativas.
- Colaboración coas actividades, concursos, exposicións promovidas por Curtisbiblio..
- Publicacións no **blogue** da biblioteca de artigos, recensións, presentacións elaborados polo alumnado relacionados coa literatura e as súas manifestacións.
- Asistencia á **representacións teatrais**, previa análise e contextualización da obra e do autor ou autora.
- **Lecturas dramatizadas** de textos teatrais na aula.

7. TEMAS TRANSVERSAIS

A LOMCE sinala que é necesario que o alumnado adquira desde idades temperás competencias transversais, como o pensamento crítico, a xestión da diversidade, a creatividade ou a capacidade de comunicar, e actitudes clave como a confianza individual, o entusiasmo, a constancia e a aceptación do cambio. A educación inicial é cada vez máis determinante xa que hoxe en día o proceso de aprendizaxe non remata no sistema educativo, senón que se proxecta ao longo de toda a vida da persoa. Así mesmo, esta lei orgánica considera esencial a preparación do alumnado para a cidadanía activa e mais a adquisición das competencias clave para a aprendizaxe permanente. No contexto do cambio metodolóxico que esta lei orgánica propugna abórdase esta necesidade de forma transversal ao incorporar a educación cívica e constitucional a todas as disciplinas durante a educación básica, de forma que a adquisición de competencias sociais e cívicas se inclúa na dinámica cotiá dos procesos de ensino e aprendizaxe e se potencia desa forma, a través dun enfoque conxunto, a súa posibilidade de transferencia e o seu carácter orientador.

Podemos establecer dez elementos transversais que se traballarán na medida en que a práctica da actividade docente o permita. Son os seguintes:

1. A comprensión lectora e a expresión oral e escrita (CL e EOE)

Tal e como dixemos no apartado do tratamento do fomento da lectura, a materia de Lingua Galega e Literatura ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado e debe tamén facilitar ao alumnado as ferramentas e os coñecementos precisos para se desenvolver satisfactoriamente en calquera situación comunicativa.

2. A comunicación audiovisual e as tecnoloxías da información e da comunicación (CA e TIC)

As tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) desenvolven un papel fundamental na sociedade actual, porque proporcionan un conxunto de coñecementos e de técnicas que permiten satisfacer as necesidades individuais e colectivas do alumnado, de aí que se rexeitará a inadecuada utilización das TIC e da comunicación audiovisual e se favorecerá o seu uso responsable. Fomentarase unha actitude crítica coa información da comunicación audiovisual e das TIC e responsable no seu uso.

3. O emprendemento (EMP)

Desenvolverase e afianzarase o espírito emprendedor, a adquisición de competencias para a creación e desenvolvemento dos diversos modelos de empresa, o fomento da igualdade de oportunidades e mais o respecto ao emprendedor e ao empresariado.

4. A educación cívica e o respecto ao Estado de dereito (EC e RED)

Fomentaranse os principios democráticos de convivencia co fin de que o alumnado aprenda a se comprometer cunha cidadanía activa e democrática, desde unha perspectiva global, adquira unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores do Estado de dereito, así como polos dereitos humanos, e que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.

5. A igualdade efectiva entre mulleres e homes (IEMH)

Motivarase a igualdade efectiva e o respecto por igual entre mulleres e homes eliminando todo tipo de discriminacións na linguaxe, mellorarase a práctica da igualdade na aula e promoveranse cambios de actitudes no alumnado co fin de romper os estereotipos de discriminación.

6. A prevención e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida así como de calquera forma de violencia: de xénero, contra persoas con discapacidade, racismo, xenofobia etc. (PV)

7. A saúde e a calidade de vida (SCV)

Promoverase que forme parte do comportamento xuvenil a actividade física diaria, a dieta equilibrada e o estilo de vida saudable e ademais favorecerase o desenvolvemento do sentido da responsabilidade individual en relación coa saúde, entendida esta como benestar físico e mental, individual, social e ambiental.

8. A discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero (DISC)

Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual. Abordaranse cuestións relacionadas coa identidade de xénero, coa prevención de embarazos non desexados e mais co desenvolvemento do sentido da responsabilidade individual.

9. A educación viaria (EV)

No ámbito da educación e a seguranza viaria promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, co fin de que o alumnado coñeza os seus dereitos e deberes como usuario das vías, en calidade de peón, viaxeiro e condutor de bicicletas ou vehículos de motor, respecte as normas e sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

10. A educación ambiental e o respecto polo medio natural (EA)

Implicarase o alumnado nas estratexias educativas para mellorar o coñecemento do

desenvolvemento sustentable, do medio, da climatoloxía e do cambio climático. Ademais, fomentárase unha relación de respecto e de non destrución do medio natural.

8. TRATAMENTO DO FOMENTO DAS TIC

Tal e como comentamos no apartado referido aos elementos transversais a LOMCE recolle que as tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) desenvolven un papel fundamental na sociedade actual, porque proporcionan un conxunto de coñecementos e de técnicas que permiten satisfacer as necesidades individuais e colectivas do alumnado.

A aplicación das novas tecnoloxías é unha necesidade cada vez máis evidente nas aulas de Lingua e Literatura e xa asumida e promovida polo noso departamento dende hai anos. A procura de información a través de páxinas de Internet está xa interiorizada como un hábito de traballo cotián entre o alumnado. É responsabilidade do profesorado guiar na selección da información así como proporcionar as ferramentas comprensivas para poderen realizar unha lectura razoada e crítica. Tamén é a nosa obriga fomentar unha actitude crítica e responsable así como rexeitar o uso inadecuado.

Como actividades encamiñadas a lograr un mellor coñecemento das TIC por parte do alumnado faremos un especial fincapé nas seguintes:

- Adquisición de vocabulario e de coñecementos básicos relacionado co mundo da informática
- Emprego de correctores, tradutores, dicionarios, enciclopedias, conxugadores...
- Consulta de diferentes páxinas web relacionadas cos contidos traballados na aula.
- Presentación de traballos elaborados polo alumnado en soporte dixital
- Introducción e difusión nas aulas de novas ferramentas (programas para editar vídeos, presentacións...)
- Proxección de material audiovisual complementario aos contidos traballados na aula

9. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRA ESCOLARES

Propóñense as seguintes:

- Visitas a exposicións ou espectáculos de interese (cinema, teatro...).
- Visitas a museos e realización de percorridos literarios e/ou históricos relacionados cos contidos da materia.
- Asistencia a sesións de charlas, conferencias, coloquios ou mesas redondas sobre temas de interese para a materia en particular e para a cultura galega e a arte en xeral.
- Actividades relacionadas co fomento da lectura: encontros literarios, recomendación lectoras, exposicións...
- Celebración do Día das Letras (dedicado a Ricardo Carballo Calero).
- Colaboración e participación nas actividades propostas polo centro na Semana Cultural.
- Colaboración nas actividades propostas polo Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística e polo equipo de traballo de Curtisbiblio, tales como exposicións, concursos, etc.

10. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN

No Departamento de Lingua Galega e Literatura realizarase periodicamente unha avaliación da posta en práctica desta programación. No marco da LOMCE teranse en conta os niveis de consecución acadados nos Indicadores de logro incluídos e especificados no currículo de cada nivel. Ademais atenderase á valoración dos os graos de consecución das competencias clave prestando especial atención aos obxectivos propios de cada etapa.

Sempre e cando o profesorado o considere conveniente ou as características do alumnado así o precisen introducíranse todas aquelas modificacións ou ampliacións que contribúan á súa mellora. Calquera modificación realizada deberá quedar reflectida na memoria de Departamento presentada no mes de xuño, onde se farán constar as causas dos cambios realizados e as posibles propostas para os seguintes cursos.

11. SINATURAS

M^a Begoña Centoira

Teresa Meixide

Sonia Torreiro